



Confederación Inter Sindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Mesa Campaña de Renda

En primeiro lugar a Administracion fálanos de continuidade no Acordo de Campaña de Renda. ¿De qué continuidade podemos falar se o ano pasado o Acordo de Renda non se asinou? ¿ou xa teñen todo argallado para non chegar a acordo ningún?. Moito nos tememos que será así porque noutro caso non podemos entender cómo, na reunión de hoxe, os responsables de RRHH non traen ningunha proposta por escrito (e xa estamos case en marzo...). O único que poidemos saber (sen ver datos, xa que non os facilitaron) é que a partida económica existente para a campaña é igual que a do ano pasado.

As **propostas** que a CIG defenderá para a campaña son:

- Aplicación do calendario laboral na campaña, con horarios establecidos previamente e unificados en todas as delegacións.
 - Retribuir a todo o persoal que participa na xestión e tramitación do borrador da declaración. Lembremos que este ano a prazo do borrador comeza o 5 de abril.
 - Ampliar o número de citas pola tarde e mellorar as retribucións do persoal que traballa na Campaña de Renda pola mañá (pois as mañáns páganse a 10 euros é decir, iimenos de 2 euros/hora!!)
 - Contabilizar e gratificar o tempo extra que se fai fóra do horario, tanto á entrada como á saída
 - Definir as funcións do persoal que participa tanto directamente, como indirectamente, na campaña.
 - Que haxa persoal de informática suficiente tanto en horario de mañá coma de tarde
 - Establecer tempos de descanso entre a xornada de mañán e tarde e dentro da propia xornada, tal como establece a normativa de saúde laboral
 - Que se faciliten cursos de formación con unha duración suficiente
- A Administracion comprometeuse nos proximos dias a facilitarnos unha proposta por escrito e a convocarnos nunha próxima xuntanza....¿será verdade??

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM